

OS TERRIBLES DE DONAS

ÁNXELES BOUZÓ FERNÁNDEZ



**CADERNOS DO IEM, N° 11 2º etapa
IEM (Instituto de Estudos Miñoranos)**

Apartado 30, 36380-Gondomar.
direccion@minhor.org
www.minhor.org

Director:

Carlos Méixome Quinteiro.

Consello de Publicacións:

Concha Costas, X. Bieito Legaspi, Xosé Lois Vilar,
Antón Mascato e Carlos Méixome.

Asesoramento lingüístico:

María Xosé González Chamorro.

Fotos antigas, de autores descoñecidos, cedidas por:

Manolo Sousa Matos, José María Antúnez, Emilio Flores Ramos
e Jaime Álvarez Morgadanes.

© do texto e fotografías actuais **Ánxeles Bouzó**

© da presente edición, Instituto de Estudos Miñoranos

Deseño, maquetación e execución gráfica:

Obradoiro Gráfico de Edicións do Cumio.

Depósito Legal: VG: 310-2006

I.S.B.N.: 84-8289-356-4

O Concello de Gondomar hónrase en colaborar, unha vez máis, co traballo que desenvolve o Instituto de Estudos Miñoranos, neste caso recuperando unha das páxinas máis brillantes da nosa historia da música popular.

Os Terribles de Donas, que comezou como cuarteto tradicional en Donas e Borreiros, pasou por sesenta anos de transformacións e actividade musical con diferentes membros entrando e saíndo da banda, mais sempre caracterizados pola alegría e eficacia que lle esixían aqueles que os contrataron ano tras ano.

Felizmente o grupo mantense activo, recuperando a formación de cuarteto popular tradicional, como indica a autora deste traballo magnífico.

Aos poucos, co esforzo e colaboración de moitas persoas, imos recuperando a nosa propia historia, poñéndoa en valor e transmitíndolla ás novas xeracións. Esa é a nosa misión, e a maior satisfacción das persoas que temos responsabilidades na administración local.

Xosé Carlos Silva Mariño
Alcalde de Gondomar

A Comunidade de Montes Veciñais da Parroquia de Donas non podía manterse á marxe da edición dun libro de homenaxe aos músicos que levaron o nome da nosa parroquia por diferentes lugares de Galicia e Portugal. A nosa colaboración era, pois obrigada e pracenteira.

Os Terribles de Donas son varias xeracións de artistas, nados entre nós, que fixeron felices a cantos tiveron, e teñen, a ocasión de gozar da súa música. Moitos deles felizmente vivos, veciños e membros da nosa Comunidade algúns, outros residentes en diversos lugares do Val Miñor e Baixo Miño, e tamén exemplares veciños de cadanseu seu lugar.

Agradecemos ao Instituto de Estudos Miñoranos o labor de recuperación da nosa memoria común, e á autora da obra o traballo de restauración desta agrupación musical.

Aos membros dos Terribles de Donas dicirlles dúas cousas: unha lembranza agarimosa para os que xa non están entre nós, e unha fraternal aperta aos que aquí seguen "dando a murga".

Isaac González Granja
Presidente da Comunidade de
Montes Veciñais en Man Común
de Santa Baia de Donas



dirán,

dirán,

Que dirán, que dirán, que

que dirán que dirán por aí,
que dirán, que dirán, que

Os Terribles estamos aquí.

Canción dos Terribles de Donas

Agradecementos

Manolo, o barbeiro de Sabarís, é ben coñecido pola xente do lugar. É sabido que foi "caixeiro" no grupo de músicos do seu pai. As fotos antigas que conserva están expostas nas paredes do seu local de xeito que, quen vai alí a cortar o pelo, ten en fronte a historia en imaxes dos Terribles de Donas. É un home que parece vivir como quen toca a caixa, con aires de redobre, de xeito enérxico, inqueda, falangueiro e de sorriso fácil, con gran capacidade para ilusionarse e contaxiar aos demais. Cando algo lle bule na cabeza ten que botalo fóra e a súa teima de facerlle unha homenaxe aos Terribles -seu pai e seu tío foron os fundadores- róndalle hai tempo. Este libro pretende ser, polo tanto, parte desa home-



A perruquería de Manolo Sousa en Sabarís coas fotos dos

naxe e vai dedicado a todos eles, aos que quedan entre nós, aos que xa mar-

charon e tamén ás súas familias.

Ademais da forza de Manolo, foi imprescindible a colaboración de tódolos músicos que formaron parte dos Terribles e que abriron as portas das súas casas, tiraron dos fíos da memoria, traendo á luz non só o tempo da música compartida senón tamén anacos íntimos das súas vidas que non dubidaron en amosar xenerosamente. As conversas e as fotos prestadas son o material do que está feito o libro. Grazas polo tanto a Emilio O Flores, a Isidro de Pedornes, a Manuel O Zapateiro, a Jesús O Terrible, a Ricardo O Chesman, a Jaime O Mazáns, a Pepe e a Manolo. Tamén a Manuel polas fotos e a Xurxo, Verónica e Suso pola música que está por vir.

Grazas tamén aos Terribles que xa non están: Claudino, Xosé O Ventos e Antonio: os imáns Sousa Antúnez, Cesáreo Pereira O Rillacáns, Abilio Pereira, Rogelio Pino, Manuel O Campanas, Saladino O Bareiro, Felipe de Vincios, Gento Moghallo, David de Pedornes, Ricardo do Rosal, Evaristo de Pedornes, Xosé Flores, Arturo Antúnez, O Verderol e Pepe O Grilo.

Quero agradecer tamén a María Xosé Gonzalez Chamorro a súa xenerosa colaboración na corrección do texto e a Antón Mascato o alento, a confianza e os libros.

Limiar

Unha vez recopilada a información, resultou que a historia da "murga" dos Terribles non constituía unha obra que tivese a propia música como cerne. Non se conservan partituras porque non as houbo, a aprendizaxe das pezas era "de orella", non hai creación musical senón imitación e adaptación, non hai unha estrutura fixa na agrupación senón que os músicos van entrando e saíndo segundo as circunstancias e necesidades, hai un axeitamento continuo do que se ten a man, instrumentos, persoal, músicas de moda. O caso é tocar, gañar a vida, con diversión ou sen ela, e unha capacidade de traballo e esforzo case esquecida, así como unhas cualidades musicais naturais que moitos e moitas desexaríamos. Tamén unha constante: a necesidade agudiza o enxeño.

Polo tanto o factor social e humano sobresaen nesta historia, as anécdotas e os relatos fálannos dun tempo pasado que, como nos recorda Miguel Pérez Lorenzo no Prólogo de seu libro Moxenas. A memoria do son (Edicións do Cumio, 2005), citando ao subcomandante Marcos, deberá ter a seguinte fin: limpemos, coidemos e construíamos o pasado e o presente da única forma posible: coa dignidade como guía e o recordo como ingrediente.

Falan Os Terribles

EMILIO FLORES RAMOS

Naceu no Rosal no ano 1921, pero criouse dende moi neno en Belesar.

Foi toda a vida gaiteiro. Nos seus comezos musicais, sendo cativo, practicaba nun punteiro xa que era difícil ter unha gaita, a primeira mercoulla o seu avó. Lembra que lla mandara facer a Alfonso Ulloa, un ebanista da zona que construía gaitas. Cando o artesán entregou o seu encargo, que quedara pago, o avó de Emilio morrera había oito días. A emoción de Emilio foi grande, pero estaban de loito e non podía tocar na casa, recorda que marchou ao monte para tocar a nova gaita tan esperada e chorar á vez de pena e de agradecemento polo avó, como el di foi a súa despedida.



Comeza a tocar cos Terribles aló polo ano 1945, lembra que a segunda gaita levábaa Evaristo de Pedornes, el a primeira. Debutou coa formación na festa de Santa Baia, en Donas.

Estando en Borreiros coñeceu ao Ventos, Xosé Sousa, que naquel momento levaba o grupo; precisaban un gaiteiro e chamárono a el, que xa era músico no Rosal, a onde regresa trala guerra e onde aínda vive. Emilio empezou tendo co seu irmán o grupo Os Cinco Pibes, un caixeiro, un bombeiro, un requinto e dúas gaitas. Con uniforme azul, gorra de prato e correaxe. De aquí pasaron logo a outra nova formación ben coñecida pola súa andaina: Os Albariños do Rosal: Indalecio, gaiteiro,


chamado o Vinteno de Refoxos, non estivo co grupo ata o final; Eladio de Torroña, tocaba o bombo; Manuel o caixeiro de Refoxos, Máximo e máis Emilio tocaron vintedous anos xuntos como Os Albariños. Recibiron moitas homenaxes, en especial Emilio porque, ademais de tocar durante tantos anos, ensinou a unha morea de mozos e mozas, incluídas as netas. Lembra moi ben unha homenaxe en Vigo cando empezaron a entrar uns trinta gaiteiros tocando pezas que el lles tiña ensinado. Tamén a homenaxe do Concello da Guarda. No Clube de Xubilados do Rosal tivo alumnos de setenta anos e formou o grupo de gaitas Clube da Terceira Idade. Tocou tamén no programa Luar da Televisión de Galicia e pasou a vida indo dun serán a outro, ás festas, romarías... estivo nesta andaina ata hai ben pouco porque agora, aos meus oitenta e dous, xa non son quen de andar por aí coa moto. Antes de empezar a guerra era cando os meus irmáns e mais eu empezabamos a tocar aquí no Rosal, había festas e sobre todo seráns, e as fiadas no Picón. Pola semana eran as pandeireteiras as que tocaban, cantaban e bailaban, e aos sábados viña un acordeón. Tamén a festa dos telleireiros, contratábanos para tocar e o diñeiro dabámosllo á nosa nai.

Ao comezar a guerra chamáronme, con dezaoito anos, salvoume de moito a gaita que levei comigo e estaba atada nun piñeiro, isto era porque todos tiñan tendas de campaña menos os escoltas, que eramos nós, os "gallegos", tiñamos no seu lugar unha chabola feita de madeira con teito de latón, no medio estaba o piñeiro que sostíña a construción, e pendurada del a gaita que ás veces levaba gardada debaixo do chaquetón na funda da almofada; nesta funda gardaba ás escondidas patacas que ao chegar fritiamos con sebo e aquilo era unha alegría para os meus compañeiros, había un que ata me levantaba no aire. Moitas veces librábame de facer garda porque os mandos púñanme a tocar, e caía ata algunha feixoada como pago. O día da festa da infantaría que cadrou nos Pirineos os dedos non se movían co frío no punteiro, dicíame: toca Flores! E dábanme coñac!. Eu tocaba a gaita, o Simón acompañábame cunha folla dunha areira, o sarxento tocaba o tambor e un asturiano o acordeón, tamén había dous maños enriba dunha mesa tocando a guitarra..., nunha desas caíron, e así faciamos a festa.

Como gaiteiro a súa preparación foi sempre autodidacta, aínda que nunha época xa tardía aprendeu as primeiras nocións do solfexo, aquilo das corcheas non nos gustaba moito e o xuíz que nos ensinaba, primo dun que tocaba con nós, cansábase e soltaba labazadas, por iso que non estiven moito tempo aprendendo. A súa preocupación pola afinación e o son conxunto de tódolos instrumentos foi constante porque había que transportar, a gaita cos clarinetes e os saxos facían ás veces difícil de

buscar as notas , pero nisto, dicían entón, o Flores era un especialis-
ta .





MANUEL REY QUINTOS O ZAPATEIRO

Naceu en Gondomar o 21 de decembro do ano 1921.

Tiña o oficio de zapateiro, alcume polo que tamén é coñecido como músico: Manuel O Zapateiro. Tocaba a caixa.

Casou en Donas no ano 1942 e alí, á volta do servicio coñeceu a Claudino Sousa que lle pediu para ir tocar cos Terribles que xa tiñan grupo. Aprendeume a tocar o bombo Saladino O Bareiro, que vivía aínda por aquel tempo na casa do seu pai en Gondomar, no barrio da Cheita, alí aprendía a quen quixera a tocar a caixa e o bombo, despois veu tamén

casar a Donas e chegou a tocar cos Terribles. A formación daquela aumentou a seis músicos: Rogelio Pino, Manuel O Campanas, os tres irmáns Sousa: Claudino, Antonio e Xosé O Ventos e mais eu, Manuel O Zapateiro.

Nos anos da década de 1960, como moitos outros da zona e tamén do grupo dos Terribles, Manuel emigrou a Montevideo. Nada máis chegar o barco xa estaban á súa espera para tocar no Centro Galego, onde se sentiu moi ben acollido. Dábanse alí festas e clases de baile, escoitábanse sobre todo muiñeiras e xotas. Logo marchou a Bos Aires onde tiña familia e outra vez a tocar no Centro Galego desta cidade. Naqueles locais xuntábase todo o que viña de Galicia, tamén estaban os médicos... e o que fixera falta. Eu quería quedar pero a familia non quixo vir, non querían saír do pobo, aínda que xa lles tiña atopado traballo á muller e aos fillos. Voltei a Galiza en 1966.

Ao seu regreso Manuel mercou en Villanueva, en Vigo, unha caixa nova, seguiu co seu oficio de zapateiro e ensaiando os domingos na casa do Ventos.



JESÚS BESADA O TERRIBLE

Naceu en Donas no ano 1923. Foi caixeiro no grupo.

Entrou nos Terribles en 1938. É un dos pioneiros na formación aínda

que xa levaban ensaiando un par de anos. Recorda que empezaron a tocar no ano 1939, na festa da Vitoria, rematada a guerra, xa que antes non había festas onde tocar, non se podía. Jesús lembra moi ben aquela festa porque era o primeiro bacallau con patacas que comía, no posto da muller do barbeiro, despois da fame da guerra.


É case seguro que o nome do grupo foi collido do alcume de Jesús Besada, a el víñalle de herdanza. A súa orixe está en que o pai de Jesús fora á guerra de África e á volta, cando a xente lle preguntaba por aquel episodio sempre escomenzaba ou remataba o seu relato con que "fora terrible, terrible", de aí que os veciños lle puxeran o dito alcume, e así lle quedou á familia toda. Claudino Sousa era o que organizaba ao grupo na súa orixe, segundo Jesús Besada, o nome quedou daquela así: Os Terribles de Borreiros porque os ensaios, nos comezos, eran en Borreiros, na casa do cura don Manuel, que lles facía aprender o Cara al sol e Paxariños que vides cantando, baixo as pólas dos ameneiros. Tamén era en Borreiros onde vivían daquela os irmáns Sousa. Xosé O Ventos, o máis vello, vivía alí, case no Torreiro, no barrio do Monteiro.

Recorda que nos anos da década de 1960 marcharon moitos do pobo, uns a América, outros a Canarias, como fixo Saladino O Bareiro cos fillos que estiveron uns anos tocando alá. Jesús estivo a piques tamén de marchar, era carpinteiro en Donas, pero non se decidiu. Cando volveron os demais o grupo xuntouse outra vez, pero el xa tocou pouco tempo e entrou como caixeiro Manolo O Zapateiro.

PEPE SOUSA MATOS

Naceu en Borreiros no ano 1936. É fillo de Claudino Sousa, o fundador do grupo. Foi gaiteiro.

Empezou a tocar con catorce anos ao mesmo tempo que o seu irmán Manolo de once. Aprenderon os dous mirando os ensaios na casa do pai. Cando estiveron preparados, Claudino meteunos no grupo. Conta Pepe que o pai era moi recto, tomaba moi en serio os ensaios e era moi esixente cos fillos. Lembra claramente que á volta das festas ou cando o grupo tocaba na casa e os nenos xa estaban deitados o pai achegábase á cama do Pepe e preguntáballe recordas aquela canciónciña que escoitamos.. a ver, como era? Eu cantáballe o que lembraba e el marchaba todo contento porque xa tiña a



música, dalí a pouco, viña de volta outra vez e volvía preguntame, e aqueloutra, como remataba?... iso sempre era así, eu tiña bo oído e lembrábase moi ben.

O primeiro que lle vén á cabeza como músico é que tiñan un rabaño de ovelas e cabras coas que tiña que ir ao monte, o seu pai déralle un punteiro e el mesmo acoploulle un canelo para poder soprar mellor e así ía aprendendo, mentres traballaba. Cando xa sabía algo mercáronlle a primeira gaita, no Represas, en Pontearreas, de segunda man. Era de buxo e tamén ían a Pontearreas a mercar as palletas de cando en vez. Os pallóns facíaos el mesmo. Só tivo aquela gaita que aínda conserva. O traballo de gaiteiro era unha axuda económica, pero ademais de traballar no campo Pepe foi condutor de coche de liña durante moitos anos, dese oficio recorda ao acordeonista que tocaba nas viaxes, era o Saladino, que tocou tamén a gaita nos Terribles durante un tempo.

Mentres foi neno gustáballe ir tocar ás festas, pero xa de mozo ía máis ben obrigado, había que gañar o soldo, aínda que el e seu irmán tiñan que dalo na casa, deixábons quedar cunhas pesetas para que soaran no peto, o resto dábaselle á nosa nai. Tamén era moi duro traballar co pai, tiñaos moi atados, non os deixaba nin fumar nos descansos e había que estar atento no palco a cando lles tocara, pouca festa tiñan eles. Cando fun á mili deixei de tocar, á volta xa non quixen seguir, xa mandaba eu en min mesmo e meu pai non podía obrigarme. No grupo estaba Evaristo tocando a primeira gaita, eu marchei e quedou no meu lugar Emilio Flores.



ISIDRO PÉREZ GONZÁLEZ

Naceu en Pedornes, Santa María de Oia, no ano 1938.

Foi gaiteiro. Entra a formar parte dos Terribles no ano cincuenta e sete, eu era un chaval e xa coñecía o grupo de vir tocar á Guarda, chamáronme porque lles facía falta un gaiteiro e sabían que eu tocaba, daquela tiña un cuarteto cos meus irmáns, tocabamos nas festas pero non tiñamos nome, eramos unha gaita, unha frauta, bombo e caixa.

Cando o chamaron estaban no grupo Ricardo, Evaristo, os Flores: Emilio e Pepe e Felipe de Vincios. Foi na época en que Claudino e logo Manuel e outros emigraron a Uruguai. Os ensaios eran na casa do Ven-

tos e ata alá ía en bicileta dende Pedornes. Recorda o carácter duro de Xosé O Ventos, que se fixera cargo do grupo cando marchou o seu irmán. Nunha festa á que foron tocar en Vila Praia de Áncora, as mozas bailaban descalzas na area e pedíanlle ao Ventos que deixara ir ó Isidro a bailar con elas, el dicíalles que non, que tiña que tocar. Era moi bo músico pero ás veces púñase tan nervioso que rillaba a boquilla do soprano ao que lle daba moito brillo.

Conta Isidro que no ano mil novecentos cincuenta e oito fun á mili, estiven de gaiteiro no iate de Franco, o Azor. Un día estaba facendo prácticas no Areal e buscaban un gaiteiro e alá fun, formaba parte da tripulación do barco e tocaba cando viñan a facer unha festa, as fillas e aquela parentela toda que era moita. Eramos tres, eu á gaita, un bombeiro de Carnariñas e un caixeiro. Tocabamos o que sabiamos.

Isidro estableceuse na Guarda e traballou sempre en relación coa música, estivo nun coro ata hai pouco e tivo unha tenda de música na que vendía tamén instrumentos.

JAIME ÁLVAREZ MORGADANES O MAZÁNS

Naceu en Borreiros no 1937. Tocou o bombo e os pratos.

Empeza a tocar na agrupación nos anos sesenta, substituíndo ao Chessman que lle aprendeu o ritmo dos Terribles que era distinto e moi especial nalgunhas cancións.

El recorda das festas que lle gustaba moito a xoldra, aproveitaba para pasalo ben e ata chegou a caer esvaído no palco co sono que tiña porque eran os primeiros en tocar polas mañás e os últimos xa de madrugada e aproveitaba o resto do día para divertirse, ás veces xa non durmía. Pasaban días fóra da casa e chegaban esgotados.

Preocupouse dos uniformes do grupo, foi o que ideou o da camisa negra para que a roupa durara máis tempo limpa, preocupado pola imaxe e o aspecto, sabedor de que non había moitas facilidades de aseo durante as festas e tiñan que pasar días sen ir á casa.

Ensaíaban en Borreiros nunha sala na casa do Ventos, Claudino estaba emigrado. Un par de anos despois, O Ventos deixa os compañeiros e Jaime e máis Felipe de Vincios van ser os



que se ocupen de todo: repertorio, contratos, ensaios, que pasaron a ser na súa casa, continúan así ata o ano sesenta e catro no que a agrupación desaparece porque Jaime casa, cambia de traballo e non quere facerse cargo. Non hai outro que queira seguir no seu lugar e a agrupación desfai-se.

A murga dos Terribles toca a última na festa de San Martiño de Borreiros dese ano. Despois diso, na década dos setenta había en Donas unha Asociación de Veciños que tivo a idea de facer un grupo de gaitas, "Os Donenses", ao principio ensaiábaos un tal Severino, pero cando este o deixou segúin eu, non é que toque moito a gaita pero doulle un xeito, eramos seis gaiteiros, un bombo e unha caixa, percorremos Galiza, algúns eran moi cativos. Despois houbo tamén un grupo de baile "Aires da Pedramoura" que levou Suso Sousa, irmán de Manolo.

O traballo de Jaime foi variado, como o dos outros. Traballou no campo, cortou madeira e, como era mañoso, tamén pintou lápidas no seu día. Coa mesma maña, arranxou un bombo dunha batería ao que lle puxo pratos e todo, recortoulle a caixa e montouno de novo para tocar coa murga, tamén lle pintou o nome no parche. Noutra época e durante anos foi carpinteiro en Bouzas pero alí traballábase ao día, sen seguro nin contrato nin nada, cobrábase por xornada traballada, así podía ir tocar ás festas, isto tamén daba os seu cartos, o menos que recordo, eran setenta e cinco pesetas no ano cincuenta e nove, no setenta e oito xa se falaba de dez ou doce mil pesetas todo o grupo e daba para bastante, ás veces, como faciamos o percorrido e ías tocando nun sitio e noutro, parabas e púñanche un chourizo e máis adiante un cacho de rosca e así ías comendo e xa non ceabas, ó día seguinte había que almorzar, se querías. Ó final quedábanche cincocentas pesetas, pero aínda eran cartos!

MANOLO SOUSA MATOS

Imán de Pepe Sousa e fillo de Claudino. Naceu en Donas no ano 1944. Tocou a caixa. Entra na agrupación aos once anos e permanece nela ata os dezaseis, entre os anos 1950 e 1955, e tivo que deixalo por un accidente que tivo indo na bicicleta, precisamente a tocar a unha festa un sábado despois do traballo, indo pola estrada cara á Guarda un cohe atropelouno, estivo hospitalizado e non puido tocar en moito tempo, sendo substituído aquel verán por David de Pedornes. Manolo entra sendo un cativo xa que cando ensaiaban na casa do seu pai a el gustáballe escoitar e imitar os ritmos, practicaba nunhas latas ou no que fose e foi aprendendo sen decatarse case o seu pai. Manolo O Zapateiro tocaba por aquel

tempo a caixa, pero tiña a idea de marchar a Montevideo, estaba á espera de que o chamasen calquera día para embarcar, así que Manolo entrou no seu lugar, para cubrir ao compañeiro, cando o pai decatouse de que sabía todos os ritmos que tiñan ensaiado. Xa ten caixa, a que deixara O Zapateiro e nas festas era a atracción do grupo porque era moi neno.

Manolo tivo moitos oficios, todo era unha axuda para a familia, tocar nas festas tamén. Empezou a traballar na construción con trece anos, o seu pai mercoulles unha bicicleta para uso de tódolos irmáns, de muller, non tiña barra, para que as fins de semana puidese usala a miña irmá, era o medio de transporte para ir ao traballo, aos ensaios, ás festas, foi con ela coa que tivo aquel accidente do que falamos.

Non emigrou como o seu tío Antonio ou o seu pai, pero lembra unha viaxe de vacacións coa súa dona a Montevideo, foi unha sorpresa para el visitar o Centro Val Miñor naquela cidade e atoparse coas fotos dos Terribles nas paredes. Cando o seu pai e o seu tío emigraron montaron alí un grupo ao que lle puxeron o mesmo nome que ó de Donas, polo tanto Os Terribles tiñan representación en Uruguai e por certo, tamén tiveron alí moita sona. Fíxéronlle unha cea e foi moi soada no centro a súa visita, con festexos e demais. Era o fillo de Claudino!

Hoxe en día ten a súa perruquería en Sabarís, herdou o oficio do pai, o seu fillo tamén traballa no mesmo.

Manolo quere seguir a tradición e que a agrupación Os Terribles de Donas teña continuidade, xa está ensaiando e traballando como tal, asistindo a seráns e a algunha actuación. Composta por el mesmo, toca a caixa, o seu irmán máis novo, Suso, o bombo, e os mozos Xurxo gaiteiro e Verónica gaiteira.



JOSÉ RICARDO CAMESELLE CAMESELLE O CHESMAN

Nace en Borreiros no ano 1942. Tocou o bombo e os pratos.

É fillo de José Sousa O Ventos. Empeza a tocar aos trece anos, case á vez que os seus primos Manolo e Pepe.

“Como non tiña bombo aprendín nunha silla e cun testo dunha tar-teira, tiña que facer os dous ritmos porque tocaba o bombo e co rabo do

coitelo facía o dos pratos, os ritmos quedábanme de orella, a base de repetir, tiña que cantar para acompañar e aprender, pero nas festas non cantaba”.

Os ensaios eran na súa casa, recorda especialmente a dureza do pai, tocou obrigado, o mal xenio do Ventos era recoñecido por todo o grupo, co fillo era aínda peor, botei moito tempo a aprender a canción Islas Canarias, a tocar e a chorar porque era un rapaz, e non había cea ata que non aprendese.. estiven cinco anos e sempre a disgusto.. Cando meu tío Antonio marchou a América quedei eu co bombo, por iso meu pai me estaba aprendendo, para cubrir o seu lugar. El era moi bo músico, e claro, eu tiña que dar a talla. Recordo que dunha vez botamos quince días sen vir á casa, empezamos en Vigo, logo a Santa Uxía de Ribeira, Castiñeiras.. Meu pai non me deixaba saír do palco, pasaba moito sono porque eramos os últimos en tocar e os primeiros ao día seguinte e tiñamos que estar sempre no palco porque nos podían chamar en calquera momento.

O pai de Manolo, o meu tío Claudio, era moi diferente, os dous eran moi esixentes, de moito nervio, pero O Ventos moito peor, unha vez chegoume a bater no palco diante de toda a xente e houbo unha liada..así que, en canto fixen os dezaioito dixen de non tocar máis, pero primeiro ensinei ao Mazás, Jaime..

Con dezaioito anos entra a traballar no almacén da Citroën, na primeira nave que se fixo en Vigo, pero estando de baixa descubrírono tocando na festa de Santo Andrés e despedírono, déranme unhas botas que custaban trinta pesos, para traballar, pero tiñamos que pagalas a prazos e como aínda non as tiña pagas tiña que darlle o diñeiro ou as botas, querían que fose descalzo, como non tiña deixáronme alí pechado e fuxín ao entrar un oficinista, pedín falar co encargado, eu faláballe galego e el ríase.. Deixoume marchar e que lle levara os cartos ao día seguinte! Estas anécdotas sitúannos na década dos sesenta na comarca de Vigo que tendo neste momento un despunte favorable na economía leva en troques a moita xente á emigración. O Chesman está substituíndo por ese motivo ao seu tío Antonio, e nestes anos outros músicos do grupo tamén marchan.

Jaime non garda ningún dos instrumentos, o bombo xa o herdara en pobres condicións e pasoullo a Jaime, o saxo que tocaba o seu pai vendeuno, estaba moi vello.., o clarinete que empregou ao principio non sabe que foi del. Jaime quixo esquecer unha época na que os recordos e a súa relación co pai non foron bos.

A orixe e evolución da agrupación

Ao comezo do século, non sabemos exactamente o ano, os irmáns Sousa Antúnez cruzan o río. Veñen de Portugal na procura dunha vida mellor. Xa os seus pais, Antonio e Hermelinda, fixeran a viaxe de ida e volta varias veces. Os seus fillos e fillas, Carne, Xosé, Antonio, Claudino, Xaquín, Constante e María, nacen segundo cadre a situación familiar, ora Galiza ora Portugal.

Vanse establecer na parroquia de Borreiros. Xosé, Claudino e Antonio comezan traballando como xornaleiros, unha das súas irmás atopa traballo na casa parroquial, despois irán argallando outras maneiras de gañar a vida, uns emigran ou atrévense cun oficio, como Claudino, que se fai Perruqueiro



Foto 1. En Donas, 1939.

en Donas, despois a construción.. O que si traían os tres homes era a música con eles. Vanse dedicar a ela tamén por necesidade. É Claudino o que decide formar un pequeno grupo con outros músicos da zona.

A agrupación, como xa dixemos, comeza sendo un cuarteto. A foto anterior (foto 1) é a máis antiga das que coñecemos, está feita o día que tocaron por primeira vez, foi na festa da Pedramoura en Donas, rematada a guerra, no ano mil novecentos trinta e nove. Nela aparecen: Jesús Besada, caixeiro; Cesáreo Pereira, tocaba a fruta e a gaita ás veces;



Foto 2. De esquerda a dereita: O Ventos, Manuel Rey, Rogelio Pino, Manuel O Campanas, Antonio Sousa, Claudino Sousa.

Claudino Sousa, o organizador do grupo, gaiteiro e Abilio, irmán de Cesáreo, tocaba o bombo.

Pasan poucos anos (foto 2) e engaden os novos instrumentos: o requinto e o soprano. A formación pasa a constituírse como unha charanga ou murga, así se definen eles mesmos e como tal continuarán ata que se disolven no ano mil novecentos sesenta e catro.

Na foto seguinte (foto 3), posterior no tempo, os músicos cambian de instrumento. Isto acontece moitas veces para suplir a algún compañeiro



Foto 3. Festa en Donas. De esquerda a dereita os músicos: Antonio Sousa, Rogelio Pino, Saladino O Bareiro, Claudino e O Ventos no

ro que faltaba nese momento, o contrato había que cumprilo segundo o acordado. É o caso do Ventos, que aparece tocando o bombo e de Antonio, que nesta ocasión toca a gaita. Reflicte unha vez máis a capacidade de adaptación destes músicos.

En canto á definición da agrupación Os Terribles, eran coñecidos como charanga, mini orquestra, murga... hai autores que, cando aparecen este tipo de formacións, refírense a elas chamándolles "as músicas".

No libro xa mencionado Moxenas, a memoria do son, de Miguel Pérez Lorenzo o mesmo Moxenas fala deles deste xeito: sí,



Foto 4. De esquerda a dereita: Manuel Rey, Claudino, Rogelio Pino, Saladino, Xosé O Ventos e Antonio Sousa.

e que era curiosísimo porque era o clásico gaiteiro que tocaba o que lle botaras. Non tiñan barreiras para nada, entendes. Eles o que lle botaran tocábano. E ben, e era unha, diríamos unha mini orquesta. Era a clásica charanga ou murga que lle chamabamos. Era unha murga, incluso pois, viña a gaita e viña un saxo ou un clarinete (pax. 80).

O que si está claro é que xurdiron como resposta a unha demanda da sociedade, de cambio e adaptación aos novos ritmos e músicas, que como xa dixemos, tiveron tamén influencia das bandas locais que xorden con elas e toman pulo neste momento. O termo charanga inclúe na súa definición instrumentos de vento de metal e un aire festivo, lixeiro e de diversión; neste senso, Os Terribles non tiñan metal, o saxo pertence á familia de vento de madeira a pesar do material do que está feito. Noutras definicións fálase da charanga como "grupo de instrumentos de vento, madeira e metal, de menor importancia que as bandas". Noutros casos defínese simplemete como "grupo de instrumentos de vento". A palabra murga ven do castelán, segundo Vid Porto:

La murga es un grupo de cinco miembros en el que está la clásica gaita, un saxo alto, un clarinete, bombo y platillos en el mismo músi-

co y una caja, a veces hai un acordeón. La charanga está compuesta por más membros, unos diez, doce, con lo que hay más variación de instrumentos, la mayoría de metal, y a veces traen instrumentos como una cometa, un tiesto, cualquier artificio puede valer de instrumento, y a veces también canta, éste es el estilo de la charanga. Neste aspecto habría que dicir que os Terribles son unha murga máis que unha charanga.

En canto á evolución no tempo pode observarse nas fotos e fáise unha referencia á mesma nos apartados seguintes. Facer unha relación dos músicos e instrumentos que entran e saen da agrupación ao longo dos anos sería extenso e probablemente pouco exacto xa que as memorias confúndense e moitos xa non están entre nós. A agrupación, con tódalas súas variacións, mantense cos anos a pesar dos cambios, débese tamén esa permanencia ao éxito que tiveron.



Foto 5. Os músicos: Jesús Besada O Terrible, O Verderol, Antúnez, Claudino, Manuel O Campanas, O Ventos e Antonio no ano 1955.

Os instrumentos

Neste apartado cómpre ter en conta o tempo do comezo e final do grupo, entre o remate da década dos trinta e finais dos sesenta, uns trinta anos en que as diferenzas son enormes en canto a posibilidade de ter un instrumento propio e a calidade do mesmo.

Outro aspecto importante é o tipo de agrupación. Na súa orixe foi un cuarteto tradicional composto de frauta, gaita, bombo e caixa. Desta primeira época hai moi poucos datos, podese subliñar a frauta, como instrumento que deixa de ser usado, aparece nunha das fotos máis antigas, tocada por Cesáreo. Manuel Besada recorda que era zurdo, pero non se lembra do tipo de frauta, pode que fose un "pínfano", que é a versión soprano da requinta, e que tería como tal unha chave, aínda que isto non se aprecia na imaxe, de ser así estaría afinado en Re. Non é seguro, podería tratarse tamén dun frautín, moi empregado na música popular, de todos os xeitos non permanece na agrupación instrumental.

Axiña se ampliou o grupo con outros instrumentos que se puñan de moda e chamaban a atención dos músicos: "o requinto" que vén sendo un clarinete soprano e tamén, o que eles chamaban abreviadamente o "soprano", que era un saxo. Conta Jaime: Claudino empezou tocando o requinto e O Ventos tocaba o soprano, a sarnosa como lle chamabamos nós, porque era como unha sarna, era un saxo soprano, non sei de onde saíron.

Neste senso influíu o feito de ter bandas de música na zona e ser os músicos coñecidos entre eles, eran tempos de falar e intercambiar. Houbo así casos en que un instrumento empregado nunha actuación procedía dun veciño ou amigo que tocaba nunha banda.

Nesta foto que segue, feita nos anos sesenta en Vigo indo á Festa de San Roque, conta Jaime Álvarez, que aparece tocando o bombo, que o seu instrumento foi un amaño feito por el mesmo, tanto o bombo como os pra-



Foto 6. De esquerda a dereita: O Ventos, Manuel Rey, Rogelio Pino, Manuel O Campanas, Antonio Sousa, Claudino Sousa e Jaime Álvarez.

tos procedían dunha batería, mercáraos en Malvas no ano mil novecentos cincuenta e oito, as variñas para tensar son de torcas e como a caixa do bombo era moito máis ancha recortouna, recortou tamén as variñas metálicas, soldoulle os pratos e incluso pintou con plantilla o nome do grupo no parche. Algo semellante fixo Manolo Sousa co seu bombo, tamén de batería, poucos anos máis tarde. Estes apaños eran comúns entre os músicos da época.

Jaime recorda: ás veces os músicos viñan de bandas, como Pepe Flores que foi un dos promotores da Banda de Música do Rosal. Tocaba o clarinete, ese era o seu instrumento. O saxofón, que aparece tocando na foto, pedinllo prestado a Manolo O Rato do Bar Chaín, que tocaba na Banda de Música de Gondomar, el quedaba ás veces cos instrumentos, había músicos que non lle pagaban e os deixaban alí, tiña varios, para aquela ocasión pedinlle o saxofón alto para que tocara Pepe. A caixa de Ricardo tamén é de banda, viría dalgunha, ou xa a comprarían así.

Había unha reciclaxe constante que viña tamén da falta de recursos, o caso era tocar. Quere isto dicir que a influencia das diferentes agrupacións do momento reflectíase nos instrumentos, e a marca do instrumento como factor condicionante non existía, xa era dabondo ter un.

Indo máis atrás no tempo, polos anos da década de 1940, os gaiteiros comezaban tocando nun punteiro, isto contan Emilio Flores, Isidro

Pérez e Pepe Sousa, que tiveron que esperar con ansia polo seu instrumento. Emilio que vivía no Rosal aprendeu de neno, a súa primeira gaita mandárala facer o seu avó a un ebanista da zona, chamábase Alfonso Ulloa, non é o único caso en que un ebanista constrúe gaitas de encargo aproveitando as ferramentas do oficio e o tempo que lle queda tralo traballo, non eran artesáns de instrumentos senón xente que tiña "maña" e atrevíase, a base de experimentar sacaba a feitura. Moitas veces a gaita facíase por partes e así saía máis barata, encargando o punteiro a un artesán de máis sona. Conta Emilio: O fol fixémoslo coa cámara dun neumático que me regalou o tío Gerardo que traballaba para un ricachón de Medialdea que ata tiña chofer, forrámoslo de pano negro. A boquilla, o soprete e mais o ronco fíxoos Alfonso Ulloa e o punteiro veu de Lugo, ata tiña unha chave que daba unha nota máis e facilitaba a afinación cos clarinetes. Tamén tiveron un fol e un ronco feitos en Ponteareas polo Represas. A última, que teño aínda, ten o punteiro feito polo Seivane, o fol é de goma e ten válvula para baleirar a saliva porque estes foles teñen de malo que condensan moito a auga, tamén que aguantan pouco e para as "regueifas" son un problema...

A gaita de Pepe mercouna de segunda man en Ponteareas, alí ían de cando en vez a mercar as palletas, os pallóns facíaos el mesmo había que buscar a cana, non valía calquera, escollíanse as que tiveran o canelo longo, cando estaban aínda verdes pero xa cumpridas, secábanse enriba do forno. Aínda ten o seu instrumento.

Outro facedor de instrumentos era Saladino O Bareiro, todo un personaxe que segundo Pepe Sousa era inventor. Naceu en Gondomar e alí, no barrio da Cheita, construía bombos e tocaba, ensinaba a outros como Manuel Rey que tocou cos Terribles. O mesmo Saladino foi gaiteiro no



A gaita de Pepe.

grupo, cando marchou a vivir a Donas, onde casou e estableceu o seu taller de ferreiro, facía el mesmo as gaitas, punteiros e palletas, axudáballe logo outro gaiteiro Manuel O Campanas.

Conta Pepe: era un manitas... ata tentou ir a América nun aparello artellado por el que fixo aproveitando un motor vello dun pozo que puxo a traballar e acoploulle unhas ás de palla e cordel, atou o tranganillo cun cinto e tirouse dende o poste dunha viña, tiña as marchas que as movía co queixo, ata levaba unha mochila cun bocadillo e unha botella de auga, e din que aínda chegou a subir un pouco no aire antes de caer ao chan.

Este Ferreiro era moi bo músico, tocou o acordeón durante anos no coche de liña, tamén a gaita e o que lle botaran. Deste personaxe conta tamén Jaime que inventou unha maneira de afinar o ronco da gaita sen tocarlle, púñalle uns cordeis e tiraba dun para apretar e do outro.. Tamén recorda que O Bareiro cortara un dedo e lle fixera un apaño ao punteiro para poder tapar o burato cun tubo soldado.

Esta afección por descubrir novas posibilidades e atopar solucións aos problemas que ían xurdindo non era aillada; no Rosal, o Alfonso Ulloa de quen falamos antes, fixera, segundo Emilio Flores, unha frauta dobre a modo de punteiro para poder tapar os buratos de dous en dous e tocar un mesmo músico a primeira e a segunda gaita.

En canto ás palletas, na primeira época facíanas os mesmos gaiteiros, anque non todos. En Donas o especialista era Rogelio Pino que facía unhas de corno de vaca, quitáballe unhas laminifñas raspando cun cristal, eran moi duras, duraban moito tempo, isto é recordado por Pepe, pero tamén Emilio Flores fala deste tipo de palletas aquí no Rosal facíaas o Ulloa, de corno, de asta, non lucían tanto pero duraban sempre, agora ninguén sabe diso, como a asta fai capas, logo cun cristal afiábanse.., aínda que as de Lugo tiñan moita sona. En ámbolos dous casos falan dos anos cincuenta ou un pouco antes, máis tarde o normal é que foran de cana. Nos anos sesenta adoitaban a mercalas feitas, en Pontearreas ou en Villanueva, en Vigo.

No libro Os Instrumentos da música Popular de Ana Sánchez e Enrique Montero, explica así a feitura da palleta e os materiais empregados: É unha das partes máis delicadas, pois dela vai depender a súa afinación e timbre. Tódolos coidados que se teñan son poucos, xa que calquera descoido poderá desafinala ou rachala, co que quedaría inutilizado o instrumento. As canas son o material que máis se emprega, aínda que tamén, excepcionalmete, se usan ósos, marfil, plástico.., pero a experiencia dos gaiteiros di que non dan tan bo resultado.

Isidro, tamén foi gaiteiro cos Terribles, entra no ano cincuenta e sete,

cóntanos: eu tiña cos meus irmáns un grupo de gaitas, non tiñamos nome, xuntabámonos os catro irmáns, fomos a algunha festa, eu tocaba a gaita, meu irmán José Antonio tocaba a frauta, outro a caixa e outro o bombo, todos os instrumentos eran vellos. A miña gaita mercáronma os meus pais de segunda man, venderon un carneiro e compráronme a gaita, era dun chaval de Pedornes que mercou o instrumento pero non mercou os dedos (rise)... e non lle quitaba.. Eu era o máis feliz do mundo porque ata entón só tivera un punteiro que me prestara Evaristo..

A afinación era o gran problema de case tódolos grupos tradicionais da época xa que os materiais e feitura das gaitas facían ás veces complicado o afinado, había gaiteiros que tardaban máis dunha hora en buscarlle o punto da afinación a unha palleta. No caso dos Terribles a cousa púñase aínda máis difícil porque había que tocar cos instrumentos, isto é, o clarinete e o saxo. Lembra Pepe Sousa: Sempre tocábamos en si bemol, porque era o único punteiro que se adaptaba, cambiamos para adaptarnos ao saxo e tamén ao clarinete, antes tocábamos co outro máis brillante (refírese ao punteiro en Do que empregaban cando tocaban as gaitas solas). Levabamos moitas palletas de reposto pero só un punteiro. E continúa o Flores: nós podíamos ter sido bos gaiteiros se non fosen os instrumentos, non é que fosen malos senón que había que transportar para acompañar aos instrumentos que viñeron de fóra, viñeron limitar a gaita, non podíamos tocar ben con eles, tamén a feitura das gaitas. A gaita ía co clarinete, afinábase por eles, estaban en Si bemol.

E para rematar coa gaita vai a opinión dun vello gaiteiro, Emilio Flores: (falando da feitura do instrumento)... e agora, catorce rancos atados para riba!, iso non entra en Galicia!, hai algo que non entra, estiven cun gaiteiro deses e tocamos eu e mais meu irmán, pasarrúas, rumbas, pandeiradas, valsés.. e el dicía que iso era tocar ao antigo! E engade Isidro, referíndose tamén ás novas gaitas de Ourense: soan distinto e son diferentes, a ronqueta ía para abaixo e non se collían así, aínda que tivese o chillón, tampouco os bombos se tocaban dese xeito, nin os tambores, non sei que parece. Non queda nada dos instrumentos.

En relación co uso do clarinete, explica no libro Os instrumentos de música popular citado anteriormente: O tipo máis común que se usaba en Galicia é o clarinete en Si Bemol de trece chaves. a súa historia na música popular de Galicia tivo unha importancia vital no perfeccionamento da gaita. Quizais a forzou a conseguir unha tonalidade característica e unha dixitación precisa; pode incluso que obligase ó gaiteiro a tocar fechado, para lograr unha escala perfecta na extensión e entonación da gaita. Tanto se uniron estes dous instrumentos, que ata tiveron a mesma dixitación [...] Existiron infinidade de grupo tradicionais de gaitas que

empañaron o clarinete e algúns deles de moita sona, como no caso do gaiteiro de Ventosela, Os Trinta de Trives, Os Trabazos de Castrocalde-
 las, os Imiáns Lamas e incluso o sonado artesán Xosé Seivane. Isto cadra
 perfectamente co que nos contan os nosos músicos.

Os instrumentos de ruído ou os arruídos como son chamados nou-
 tros casos, son os de percusión. Os Terribles comezaron nos primeiros
 anos cun bombo sen pratos, cando aínda eran un cuarteto e non había cla-
 rinete nin saxo, despois, unha vez aparecen os instrumentos novos,
 agréganse os pratos soldados ao bombo. Como os músicos van cambian-
 do e traen e levan o instrumento consigo, aínda que non sempre, voltan,
 ao redor dos cincuenta, a empregar un bombo de cordas, a este voltan de
 novo a acoplarlle os pratos, ata que definitivamente fan o apaño con
 bombo de banda e pratos soldados e así quedan. Podemos ver estes cam-
 bios nas fotos das sucesivas épocas.

Os bombos mercábanse en Villanueva, pero había un en Tomiño,
 era carpinteiro e tamén tocaba nos Terribles de Tui, que preparaba bom-
 bos e daquela tamén se lle encargaban e el. Isto recórdanolo Emilio Flo-
 res pero tamén o Saladino facía bombos cando vivía en Gondomar.

O outro instrumento do percusión foi a caixa, non empregaron nunca
 o tambor. Era unha caixa metálica de palomillas ou de pararfusos, non
 empregaron a de cordas. Jesús Besada, que participou como caixeiro na
 primeira formación dos Terribles, fálanos do seu instrumento, sitúa-
 monos nos últimos anos da década dos trinta: A primeira caixa que mer-
 quei custoume trinta duros, pagueina a prazos, Claudino foi o que puxo

os cu-
 mabas
 ano co
 eran d
 xero e
 eu me
 tos...l
 nueva

ches d
 bra qu
 dábal
 bater



chá-
 ón no
 Camos
 cai-
 home,
 car-
 lla-

par-
 lem-
 que-
 dunha

A percusión de Manolo.



Caixa de Manolo.



Caixa de parafusos.



Detalle do tambor.



Bombo con pratos de Antonio Sousa. Abaixo, pratos soltos e ferreñas, tamén empregadas por el. Están gardados no taller de bicicletas de Alfonso, na Ramallosa.



Cesáreo co frautín. Ano 1939.



Antonio Sousa, bombo con pratos. Claudino Sousa,



Claudino co saxo alto.



O Ventos co soprano, chamado por eles a samosa.

Os uniformes

A agrupación instrumental dos Terribles de Donas toca sempre uniformada, dende o principio ata a súa disolución. Estes traxes van mudando e reflectindo en cada momento os requerimentos da moda, a sociedade e a capacidade económica do grupo. Vai o traxe parello á súa evolución.

A primeira vestimenta sitúanos na época da posguerra, eran ademais un cuarteto e as roupas son tradicionais: chaleque de gaiteiro, calzóns de pana negra rematados en volante branco e camisa branca de liño, algún leva faixa atada á cintura, non levan monteira.

No final dos anos corenta engaden o clarinete aos seus instrumentos, o aspecto é festeiro, xogan, como vemos nas fotos, cos sombreiros de palla. O uniforme é camisa branca e pantalón escuro, pero a escaseza leva a botar de menos unhas boas botas ou un zapato brillante, sobre isto conta unha anécdota Jesús Besada: Unha vez fomos a tocar a Barciadamera, a San Xoán do Mosteiro, había que ir un bo anaco a pé e alí fixemos unha faena, había un río que ía pegado ao carreiro e chegaron uns fulanos, un cun trombón e así... e cuns zapatos lustrados!, nós íamos de zamancas, e fixémosla. Fomos buscarlles as súas ao río porque puñan os zapatos para tocar e deixaban



Traxes tradicionais dun cuarteto tradicional.

agachadas as cousas e nós tirámoslles as zamancas á auga. Cando foron cambiarse non as tiñan..

Despois foi un uniforme máis elaborado, eran ao redor dos anos cincuenta e cinco, a formación de seis músicos, o soprano forma parte do instrumental. O traxe compúñase de gorra ladeada con borla pendurada tipo requeté, faixa atada na cintura como os gaiteiros, unha camisa aberta ata o peito, de manga longa e pantalón de pano negro. No inverno igual pero con chaqueta de traxe a xogo co pantalón.

Máis adiante vemos xa a influencia das bandas. O traxe compoñese de gorra de prato, á que lle puñan unha funda para cambiala de cor e así poder variar, a chaqueta era de traxe co pantalón a xogo, a camisa branca pero cos remates do colo, dos petos e das trabillas nas ombreiras de cor azul, a garabata puñana nas ocasións máis formais. No verán igual pero sen chaqueta e sen garabata, e a gorra coa funda branca.

E xa case no final da formación pasaron á camisa negra, o motivo era moi práctico, explícanolo Jaime: se ías dous ou tres días a unha festa andabas co colo da camisa todo suxo e había uns niquis negros de tres botóns, de manga longa que estaban de moda; á noite se tiñamos frío puñamos a chaqueta que era de pano, na cabeza nada, o pantalón e os zapatos negros.. no último tempo que eu toquei era pantalón negro e camisa branca. Acórdome que o Ventos teñía o pelo na casa e coa chuvia, desteñíase todo, tiña un pelo rizo moi bonito pero branco, cando lle chovía era a desgracia (rise). Entón



foi cando inventamos... é que nós ás veces andabamos a dar pena, a camisa era unha, antes de ir para a cama eu lavábaa e ao día seguinte púñaa así, sen pranchar e todo... e acordamos o dos niquis negros que eran de vestir. Logo voltamos á camisa branca e mandamos facer unhas chaquetas aquí, a unha veciña, setecentas pesetas cada chaqueta, tiñan unha liras na solapa, como as das bandas municipais.

E aínda houbo unha última prenda que se lle engadiu á anterior de camisa branca e chaqueta, acorde cos finais da década de mil novecentos sesenta: un xersei de pico vermello cun escudo redondo que puña Os Terribles de Gondomar.

Todos estes uniformes pódense ver nas diferentes fotos do caderno. As seguintes son unha mostra.



As festas

A relación das festas percorridas polos Terribles na súa andaina é moi extensa. Xeograficamente abrangueron todo O Val Miñor e as súas proximidades, pero tamén a bisbarra de Vigo e O Morrazo. Chegaron mesmo máis aló, a Santa Uxía de Ribeira e cara ao interior, a Barciademera en Mondariz. Tocaron máis dunha vez en Portugal, en Monção e Vila Praia de Áncora.

Imos lembrar os nomes, aínda que poida quedar algunha atrás:

San Blas de Mañufe, Santa Cristina de Sabarís, San Campio e San Pedro da Ramallosa, Festas de Camos, San Roque de Morgadáns, Bon Xesús en Priegue, San Fiz en Nigrán, San Xoán en Panxón, A Cela en Baredo, Santa Baia de Donas, San Mamede en Pedornes, San Miguel en Viladesuso, Festa do Mar en Mougás, Virxe do Carne na Ribeira de Vigo, San Roque en Vigo, Entroido en Santo Andrés de Comesaña, as verbe-



Festa de San Xoán do Mosteiro en Barciademera. Procesión á saída da misa Claudino no centro coa cruz, na caixa Jesús Besada, no bombo Antonio.

nas do Calvario, San Xoán do Monte en Vigo, San Lourenzo de Coruxo, festa nas Carneiras, San Xoán do Mosteiro en Barciademera, Festas do Entroido en Aldán, Santo Adrián de Cobres, San Martiño de Bueu, Santa Uxía de Ribeira, Festas de Padrón. En Portugal: A Páscoa en Viana do Castelo, A Virxe das Dores en Monção e O Carmo en Vila Praia de Áncora.

A maioría destes festexos celebrábanse no verán, Isidro lembra que un ano tiveron vintecatro días de festa no mes de agosto, e nunha desas saídas botaron dez días seguidos sen ir á casa. Isto reportáballe diñeiro, todos coinciden que era unha axuda importante, por exemplo, na familia de Claudino eran tres a gañar, el e os dous fillos, Pepe e Manolo, o que supuña unha axuda importante á economía familiar que nos anos corenta e cincuenta, sobre todo, era moi necesaria.

Conta Isidro: todos tiñamos o noso traballo, eu en Bouzas nunha carpintería, pero cobraba ao día, outros no campo ao xornal ou na casa. O da festa era unha axuda, setecentas pesetas no ano cincuenta e oito, para os sete. En Chandebrito déronnos setenta e cinco pesetas a cada un no ano cincuenta e sete. A min parecíame moito diñeiro.

Jesús Besada lembra outras cantidades como pago, situanos no ano cincuenta e un: cinco pesetas mantidas, en Covelo. Tiña eu vinte-oito anos, cama e todo, viaxe pago, tocabamos en Barciademera, dende Vigo iamos no Raúl, un cacharro vello, eran catro horas de viaxe, chegaba ata Covelo, logo a pé, polo monte. Tamén unha das primeiras festas nas que tocamos foi en San Campio da Ramallosa, enriba dun piñeiro! E alí gañamos café, copa e puro.

Unha das festas máis soadas e á que asistían case tódolos anos era a de San Roque en Vigo, presidida polo famoso piñeiro manso que "era tan grande que non o collían nin doce homes cos brazos ao redor", tocaban con eles Os Morenos de Lavadores. Subiamos ao piñeiro manso, facían o palco ao redor del, o torreiro era alto, o piñeiro nacía nunha valgada e o palco quedaba case ao nivel do torreiro, puñan unha escaleira e tocabamos alí... a luz era de Petromán, de queroseno, o Lañellas, que era un de Santa Baia, da Barcalla, era o que andaba co alumado, co gas, estaba sempre pendente de que non se apagara, axudáballe o fillo.

Os Terribles eramos moi escravos, comezabamos ás seis da mañá e rematabamos a festa, tiñamos moitos seguidores que lles chamabamos os discípulos, sempre viñan con nós.

Outra celebración moi especial para os Terribles que se facía tódolos anos era a despedida dos quintos. Cada ano eran chamados, en

sucesivas quintas, para facer o "servicio" os mozos dos concellos do Val Miñor, cada quinta era despedida cunha festa sonada. Unhas semanas antes preparaban a rondalla formada polos quintos que ían marchar, os mozos tocaban normalmente con pandeiretas e a charanga dos Terribles ensaiaba con eles e os acompañaba durante todo o percorrido. Saían de Panxón e chegaban ata a comandancia de Baiona. Alí, festa rachada, ademais ían parando polo camiño para coller forzas cuns groliños, logo outra vez de volta a Panxón e festa ata a noite. Contan que algúns chegaban a facer sangrar os dedos de tanto bater, tocaban música de rondalla.



Os quintos posando cos Terribles. Ao lado do bombo Manolo Sousa con once anos e coa caixa na man.

Os ensaios e o repertorio

Os ensaios facíanse nas casas particulares dos que levaban a organización da agrupación en cada momento. Estes directores foron: Claudino Sousa Antúnez, Xosé Sousa Antúnez e finalmente Jaime Álvarez Morgadanes coa axuda de Felipe de Vincios.

Así, os primeiros fixéronse en Borreiros, eras os anos mil novecentos trinta e oito e trinta e nove, en plena guerra. Foron ensaiados, nalgunhas ocasións, por don Manuel, cura desta parroquia que, como nos recordaba Jesús Besada, aprendíalles o Cara al sol eo Vals dos Paxariños.

Cerca da casa parroquial vivía a familia Sousa, así que, o seguinte lugar de ensaio foi esta casa na que Claudino levou a dirección dos Terribles de Borreiros. Cando Claudino vai vivir a Donas, as xuntanzas do grupo pasan a ser alí e o nome muda para o que vai ser o definitivo, Os Terribles de Donas.

Cando Claudino emigra a Uruguai colle a dirección Xosé O Ventos, o seu imán máis vello, volta o grupo á casa deste, en Borreiros. No ano sesenta e catro O Ventos abandona a agrupación e pasa a dirixila, de novo en Donas, Jaime Álvarez, O Mazáns.

Os directores tiñan entre as súas responsabilidades facer os contratos para actuar nas festas, poñer ao día o repertorio e ensaiar o conxunto. De aí xurdían outros temas como os dos uniformes ou os arranxos técnicos dos instrumentos.

Os grupos de música eran contratados, coma hoxe, polas comisións de festas ou polos concellos. Había meses durante o verán nos que as actuacións se multiplicaban e había que negociar a mantenda, transporte, salario e organizar a axenda que viña sendo un calendario.

En canto ao repertorio variou co tempo conforme as demandas sociais, a música de baile é a principal, aínda que tamén teñen pasarrúas, marchas procesionais e en ocasión música de rondalla. O problema

está agora en citar os nomes das pezas, moitas veces non sabían o título do tema que estaban a tocar.

O procedemento, no ensaio en xeral, era como segue: o director comezaba dando as primeiras notas da melodía que era recoñecida de seguida polos demais sumándose a ela inmediatamente, se algo fallaba, repetíase e facíanse as correccións ou variacións oportunas. Así o explica Isidro: Claudino tocaba o saxo alto, tocabamos pasarrúas e todo de orella, pola nota que daba o director, ao primeiro compás, xa seguíamos todos. Tiñamos a canción dos Terribles que a inventamos collendo unha música coñecida e puxémoslle letra, ás veces os do bombo e a caixa cantaban. As pezas eran muiñeiras, rumbas, xotas, pasodobres, cumbias...todo para bailar.

Hai unha diferenza clara entre o repertorio da primeira época e o das seguintes, Jesús e Emilio, dos máis antigos, lembran os pasodobres, muiñeiras e xotas, esas eran as súas pezas principias. A partir da década dos anos cincuenta engádense as músicas que veñen de fóra, traídas polos emigrantes, habaneras, rumbas, salsa, tangos... Tamén tiveron éxito as rancheiras mexicanas. Por outra banda estaba a música española, o pasodobre español, boleros, coplas e cancións de moda que nos recorda Manolo: O ticotico, Cielito lindo, Gorriocillo pecho amarillo, Los Chicos del Pireo, Yo tengo unos ojos negros, Adelita, e outras. Nos anos sesenta a importancia da radio para a difusión destas músicas foi esencial, aínda que en Donas no comezo desta década había moi poucos veciños que puideran ter unha, pero axiña van chegando e as modas espállanse nas festas.

Toda esta situación e mais a aparición das orquestras, cada vez mellor equipadas e con repertorios novidosos e atractivos para o baile fai que este tipo de agrupacións, charangas ou murgas, desaparezan. Os contratos van a menos e como lembra Jaime: Ao final viñan xa moitas orquestras e algunhas moi boas como a París de Noia, Poceiro de Pontevedra ou a Orquestra Florida.

Outros grupos da zona

O Grupo máis importante na zona en canto á competencia cos Terribles eran Os Leóns, de Camos, pero ademais estaban: Os Pilletes de Sabarís que eran da primeira época, con dúas gaitas, caixa e bombo; outra agrupación parecida a esta tamén en Morgadáns; Os García, da Granxa; Os Verderoles, de San Pedro da Ramallosa, un deles tocou con nós, recorda Jesús Besada. Estaban ademáis Os Galiños, que eran charanga como a dos Terribles; Os Airiños de Vincios; Os Airiños do Mar de Viladesuso, Oia; a finais dos setenta, Os Donenses de Donas, agrupación que levou Jaime O Mazáns, tocador de bombo que xa coñecemos.

Dun pouco máis lonxe, pero asiduos e moi coñecidos nas festas do Val Miñor, eran os Quintela, de Redondela; Os Grelos de Lavadores; Os Teixugos de Tomiño; Os Pallamallada de Vilagarcía e, como non, Os Alba-



Os Galiños de Belesar. Severino, gaiteiro. Manolo O Pisoubas ao bombo.



Os Pallamallada de Vilagarcía de Arousa na festa de Donas.

riños do Rosal, no que tocou durante vinte anos o noso primeiro entrevistado, gaiteiro sempre, e dedicado á música ata hai ben pouco, con xa oitenta e cinco anos.

Curiosamente houbo outros grupos chamados tamén Os Terribles, segundo conta Jesús O grupo colleu tanta sona que logo houbo outros que lle colleron o nome, púñanse tamén os Terribles, en Vincios había uns porque O Ventos enfadouse, xa case ao final, e dixo que non tocaba máis, foise cuns de Vincios e levou o nome con el. Había outros en Porriño, creo, e outros en Tui.

A rivalidade é moi frecuente entre as bandas, charangas e grupos tradicionais nesta época.

O pobo galego foi sempre un entusiasta animador de competencias ou contendas culturais ou deportivas. Pero os galegos non só eran afeccionados a presenciar as competencias senón que tamén eran competitivos pois gostaban de ser contendentes e participar activamente nesas liortas amistosas e de entretenemento.

Así podemos lembrar as competencias de alalás, as competencias de gaiteiros; coñecidas co nome de concursos, as de treboeiros, nomeadas tenzóns; as competencias de baile da Muíñeira, as competencias de fogueteiros, as competencias entre carreteiros, concursos de gandos nas feiras, competencias na seitura ou sega, competencias na malla do trigo ou do centeo na eira, competencias na esfolla, na espadela, tasca e fiada do liño e competencias en calquera traballo á roga ou colectivo.

Cando a sociedade de consumo, despois do ano 1940, acadou a impor-nos os costumes alleos e desterra-las actividades propias da Cultura Popular Galega, o pobo galego estableceu novas competencias e así xurdiron, entre outras, ata as competencias entre as "músicas" que era como se coñecían ás orquestras lixeiras ata fai poucos anos. (Texto estraido do libro Música folclórica galega de José Casal e Pedro Carro., pax 45)

Como exemplo desta rivalidade cóntanos Pepe Sousa un episodio cos Leóns nas festas do Antroido, no Morrazo: Foi en Aldán, non chegamos ás mans pero case que ás patadas, iamos coas rondallas ata Beluso, eran tres aldeas, a de Piñeiro, que contrataba aos Leóns e a de Cendón que se xuntaba coa de Mendiña e contrataban aos Terribles. Cada unha facía unha rondalla, no martes de carnaval iamos dende Aldán a Beluso a pé. Na metade facíase un cruce dunha rondalla coa outra, nese caso picábanse tanto as rondallas como as murgas que as acompañaban. Unha vez furáranme a caixa. Os das rondallas ían disfrazados, ao pasar dábanlle nos fuciños aos gaiteiros, ou onde podían, para picar. Aquelo ao Ventos púñao moi mal, rillaba a boquilla cos nervios. Había un fulano, ía disfrazado, levaba un galo de verdade enriba dun



Charanga "Os Terribles de Vincios" en Gondomar. O Ventos tocando o saxo.

sombreiro feito de madeira!, o galo ía ladeado e para nivelar o peso puxera unha pedra. Chegou ao torreiro co pescozo torcido (rise). Aqueles piques gustábanlle moito á xente. Noutra ocasión estiveran os dous grupoas na illa de Ons e alí sí que pelexaron.

Como conta Pepe a rivalidade era fomentada moitas veces polas xentes dos pobos que contrataban aos músicos. Tamén se cumpría o dito de ninguén é profeta na súa terra, por exemplo: os Leóns de Camos non eran contratados nas festas de Camos e viñan en troques tocar a Santa Baia de Donas, pola contra, Os Terribles tocaban nas festas de Camos. Recorda Manuel Rey outro caso, tamén no Morrazo, que se axusta ao dito anteriormente: sacudíronnos con ovos e pedras, había outros que tamén querían tocar, eran de alí e a xente aplaudíanos a nós, eles tiráronnos pedriñas e ovos e viñeron os maiordomos e botáronos fóra. Esa noite durmimos na casa dos maiordomos.

A continuidade

Certo día un antigo coñecido de Manolo Sousa, buscouno para recordar vellos tempos. Lembrábase daquel rapaz que tocaba a caixa nos Terribles, asiduos ás festas de San Xoán do Mosteiro en Barciademera. Este home fundara un grupo de música tradicional en Mondariz con gaitas, caixa bombo e pandeiretas. Cando por fin se atoparon, Manolo foi convidado á festa dese verán, para darlle unha sorpresa decidiu non ir só. Xurxo e mais Verónica son gaiteiro e gaiteira e ademais neto e neta de Antonio Sousa Antúnez tocador de bombo nos Terribles e, como xa dixemos, irmán do fundador da agrupación. Pedíranlle a Manolo e a Suso que os acompañaran coa percusión xa que lles faltaba no

grupo Retrincos de Valadares no que tocaban. Esta participación que empezou sendo provisional rematou por converterse nos novos Terribles de Donas. Foron a Barciademera os catro, tocaron e emocionaron aos vellos coñecidos lembrando tempos pasados e ao final formaron grupo, levan catro anos ensaiando. Curiosamente o círculo péchase e a formación volve ás orixes, ao cuarteto tradicional: dúas gaitas, bombo e tamboril.

A Manolo xa o coñecemos. Suso é o irmán máis novo de Manolo, toca o bombo, levou en Donas a agrupación de baile Brisas da Pedramoura, non



Manolo Sousa co tambor e o seu irmán Suso no

chegou a tocar como os seus irmáns co pai. Xurxo Antúñez Gómez ten deza- seis anos, naceu en San Cibrán de Donas. Verónica Sousa Antúñez, ten vin- tecinco anos e naceu en Sabarís. Ámbolos dous estudaron na Escola de Músi- ca de Baiona e na Univeridade Popular de Vigo e tocan xuntos na Banda de Gaitas de Salvaterra.

Temos polo tanto a catro familiares directos dos fundadores da agru- pación que sesenta e oito anos despois tocan xuntos, co mesmo nome, na súa memoria.



Suso e Manolo con Xurxo Antúñez e Verónica Sousa.



Manolo e Suso Sousa.



Verónica Sousa, Xurxo Antúñez, Manolo e Suso Sousa.

As imaxes



Os Albariños do Rosal.



Emilio Flores e Manolo.



Emilio coa súa dona.



Jaime e mais Isidro.




Manuel O Zapateiro con Manolo. Dous caixeiros dos



Xurxo tocando con Manolo.



Os punteiros de Xurxo.



Jesús Besada O Terrible.



O museo de Alfonso na Ramallosa.



Despois de xantar
na romaría.



Confraternizan
do cos amigos.



O terribles na
década de 1940
con gorra tipo
requeté.



Na rúa Real de Vigo
cun espontáneo no
bombo.



Co carneiro da
subhasta da
festa.



Os terribles con
gorra de prato.



Posando para o fotógrafo, cambiando de chapéu e instrumentos.





Nun pasarrúas.



Bombo actual dos Terribles.

AGRADECIMENTOS	11
LIMIAR	13
FALAN OS TERRIBLES	15
Emilio Flores Ramos	15
Manuel Rey Quintos O Zapateiro	17
Jesús Besada O Terrible	17
Pepe Sousa Matos	18
Isidro Pérez González	19
Jaime Álvarez Morgadanes O Mazáns	20
Manolo Sousa Matos	21
José Ricardo Cameselle Cameselle O Chesman	22
A ORIXE E EVOLUCIÓN DA AGRUPACIÓN.	25
OS INSTRUMENTOS	29
OS UNIFORMES	39
AS FESTAS	43
OS ENSAIOS E O REPERTORIO	47
OUTROS GRUPOS DA ZONA	49
A CONTINUIDADE	53
AS IMAXES	55